



UD.5 – REINO MONERA, PROTISTAS E FUNGOS

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA – 1º ESO


Como vimos de estudar na unidade anterior, **existen 5 reinos**: esta clasificación fíxose atendendo a: os tipos de célula, a nutrición, a presenza ou ausencia de tecidos e o número de células.







REINO MONERAS

Aquí podemos atopar **organismos unicelulares sinxelos** como as **bacterias e algas cianofíceas (cianobacterias)**. Só poden ser vistas baixo o microscopio e están formados por **unha única célula procariota**.





CÉLULA PROCARIOTA




Célula **sinxela e pequena** que contén o **material xenético disperso no citoplasma**.

Unha **parede celular ríxida rodea a membrana plasmática**, e no interior da mesma atópase o citoplasma.


No **citoplasma atópase o material xenético**, ademais dalgúns **orgánulos** como os ribosomas (fabrican proteínas) e **substancias necesarias** para realizar as **funcións vitais**. Poden ter flaxelos para moverse ou fimbrias (pili) para fixarse ao substrato ou a outras células

FORMA QUE PRESENTAN ESTES ORGANISMOS

A súa forma ven determinada pola rixidez da súa parede celular



Dependiendo de como se agrupan...



Bacilo

(a)




Diplobacilo


(b)

Estreptobacilo

(c)

Corynebacterium T. Gram
Letras chinas






Diplococcos






Estreptococcos



Tetrada



sarcina



AS FUNCIÓNS VITAIS DO REINO MONERAS



Nutrición




Autótrofos:

Obteñen a enerxía e fabrican a materia que precisan a través da fotosíntese.




Heterótrofos:

obteñen a enerxía e materia que precisan para vivir alimentándose de outros seres vivos




Fotosintéticos ou quimiosintéticos



Saprófitos (materia orgánica en descomposición), **parásitos** (doutros organismos aos que causan prexuízo) e **simbióticos** (relación beneficio mutuo)




Relación




Relaciónanse co medio a través de respostas como o movemento dos flaxelos pero **carecen de órganos dos sentidos**



Reproducción





A súa reprodución é **asexual por bipartición**



IMPORTANCIA DO REINO MONERAS

Pero... cal é a munción destas bacterias e cianobacterias?



Manteñen o ecosistema:
Descompoñen a materia orgánica de cadáveres e restos de seres vivos e convértena en materia inorgánica, podendo ser reutilizada polos organismos autótrofos.

Crean asociacións beneficiosas:
O intestino dos mamíferos contén **bacterias simbióticas** que **protexen o organismo** do crecemento de novos microorganismos produtores de enfermidades.

Producen bens e servizos:
As bacterias **transforman** o viño en vinagre, leite en iogur ou queixo, medicamentos, depuración de augas ou control biolóxico.

BACTERIAS QUE CAUSAN ENFERMIDADES

Inda que teñamos na cabeza que as bacterias son microorganismos que causan infeccións, **son moi poucas as bacterias patóxenas**. Estas actúan: a través de feridas, inxestión de auga ou alimentos contaminados, entrando no aparato respiratorio a través de secrecións respiratorias de individuos enfermos...



Vibrio cholerae causa enfermidade do cólera



Salmonella enterica causa gastronterite



Clostridium tetani causa enfermidade do tétano